

ESTUDIOS DE LITERATURA MEDIEVAL

25 AÑOS DE LA
ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE
LITERATURA MEDIEVAL

EDITORAS

ANTONIA MARTÍNEZ PÉREZ
ANA LUISA BAQUERO ESCUDERO

MURCIA
2012



Estudios de literatura medieval : 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval / editoras Antonia Martínez Pérez, Ana Luisa Baquero Escudero.-- Murcia : Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones, 2012.

968 p.-- (Editum)
ISBN: 978-84-15463-31-3

Literatura medieval-Historia y crítica.
Martínez Pérez, Antonia
Baquero Escudero, Ana Luisa
Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones.

82.09"05/14"

1ª Edición 2012

Reservados todos los derechos. De acuerdo con la legislación vigente, y bajo las sanciones en ella previstas, queda totalmente prohibida la reproducción y/o transmisión parcial o total de este libro, por procedimientos mecánicos o electrónicos, incluyendo fotocopia, grabación magnética, óptica o cualesquiera otros procedimientos que la técnica permita o pueda permitir en el futuro, sin la expresa autorización por escrito de los propietarios del copyright.

© Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones, 2012



ISBN 978-84-15463-31-3

Depósito Legal MU-921-2012

Impreso en España - Printed in Spain

Imprime: Servicio de Publicaciones. Universidad de Murcia
C/ Actor Isidoro Máiquez 9. 30007 MURCIA

A ENUNCIACIÓN HOMOSEXUAL NA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL

CARLOS CALLÓN

RESUMEN:

En la lírica gallego-portuguesa medieval se registran algunos poemas satíricos donde un hombre habla de mantener relaciones sexuales con otro. Pero, además, de forma más sorprendente, se conserva una cantiga (aparentemente) amorosa entre dos hombres, que entraría en una tradición homoerótica de otras líricas medievales, también ibéricas. Se trata de «Aquestas coitas que de sofrer hei», de Rodrigo Eanes de Vasconcelos.

Palabras-clave: homosexualidade, cantigas, sátira, queer studies, enunciación homosexual, Rodrigo Eanes de Vasconcelos, Pero da Ponte.

ABSTRACT:

In galician-portuguese medieval lyric, we know some satiric poems where a man speaks about having sexual relations with another one. Besides that, more surprinsingly, we keep one cantiga that seems to show a love relationship between two men. This one would be related to the homoerotic tradition of another medieval lyrics, also in the Iberic Peninsula. It is known as «Aquestas coitas que de sofrer hei», by Rodrigo Eanes de Vasconcelos.

Key-words: homosexuality, cantigas, satire, queer studies, Rodrigo Eanes de Vasconcelos, Pero da Ponte.

As cantigas de amigo, as cantigas de amor e as cantigas de escarnio e mal dizer. Nas primeiras, lemos a voz dunha muller que fala do seu apaixonamento por un home; nas segundas, á inversa; nas últimas, moitos tipos de sátira, que tamén abordan temas sexuais variados, aínda que non só. Neste trinitario esquema fundamental resúmese a perspectiva amorosa dos grandes xéneros cancionerís medievais gallego-portugueses, sempre escritos por homes.

O problema sobre o que nos queremos debruzar aquí e agora non está nesta acertada síntese, senón en que se puider crer que a visión idealizada que transmite a lírica cortesá corresponde cunha realidade social. As relacións heterosexuais serían, así, as únicas imaxinábeis e existentes, mentres que os varóns ou as mulleres que mantivesen relacións sexuais ou afectivas entre si só serían unha anécdota chocante.

As cantigas de amor e de amigo poden entenderse como tratados versificados do bo facer das relacións románticas entre mulleres e homes. Hai notas disoantes, onde por exemplo a voz feminina (na realidade, travestidamente feminizada) pode chegar a satisfacerse sexualmente, a *fazer ben*. Porén, a norma xeral, tanto nun xénero como no outro, é a exhibición dun sentimento que se nuclea na fidelidade. O amado quere a súa senhor con exclusividade e servíraa a pesar dos padecementos que lle acarrexase tal paixón, cuxa cimeira estará na *morte de amor*; pola súa vez, as pequenas penélopes que os homes poñen a cantar nas cantigas de amigo esperan virtuosamente por eles.

O reverso do ideal achámolo nas sátiras. Algo que nos sorprende delas é que, a pesar da súa obscenidade ou da súa irreverencia relixiosa, conforman un xénero canónico na fragmentaria *Arte de Trovar* que chegou até nós. Así, estas composicións sobreviviron nos dous grandes cancioneiros que son copias derivadas dunha antoloxía ou recollida que se realizou no mesmo solpor medieval do espectáculo trobadoresco. Quero subliñar que foron seleccionadas no propio Medioevo, sen que haxa

indicio ningún de seren obxecto tales textos dunha máis baixa consideración nin de que houber reparos para a súa transcrición. En comparación con esta falta de prexuízo no século XIV, a compilación e estudo global das cantigas satíricas tardou na Idade Contemporánea varias décadas máis en se facer que cos xéneros de amor e de amigo.

Desde a súa heterodoxia, as cantigas de escarnio e de mal dizer son as caixas negras do espectáculo trobadoresco, cunha información histórica, social e cultural que só pode ser metaforizada como un auténtico tesouro. Nelas vemos un mundo que, aínda que puider estar deformado, degradado e hiperbolizado na súa negatividade, supón unha fonte de datos máis fidedigna do que as coitas das cantigas de amor ou as interpelacións á natureza das cantigas de amigo.

Circunscritas sen dúbidas no xénero satírico están dúas composicións de Pero da Ponte en que o eu lírico –talvez a través do que Graça Videira Lopes⁵⁷⁹ chama un maldizer aposto– fala das súas propias prácticas sexuais con outros homes. Refírome a «Don Tisso Perez, queria hoj’ eu» e «Eu digo mal, com’ home fadimalho».

Pola riquísima información sobre as mentalidades sexuais medievais que achegan, é unha mágoa que estes textos non os coñecesen John Boswell ou Michel Foucault, pois sen dúbidas terían que mudar algunhas conclusións das súas historizacións da sexualidade. En ambos os escritos nos encontramos cunha primeira persoa que fala desde o distanciamento: recoñecen unhas prácticas sexuais, mais xustifican como algo alleo en que caen debido ás presións doutros homes. Iso prodúcese con maior énfase no segundo caso, xa que se na composición que apela a Tisso Pérez se amosa a cotidianidade das relacións, na outra descríbese con rancor unha estraña violación por parte doutro home.

Mais nesta comunicación non imos centrarnos nestas cantigas, senón nunha outra asinada por Rodrigo Eanes de Vasconcelos, un nobre portugués que se calcula que trobou na segunda metade do século XIII. Da súa sinatura chegaron até nós seis composicións, todas elas a través dos apógrafos quíentistas italianos: as coñecidas copias da Biblioteca Nacional de Lisboa e da Vaticana.

Estas súas seis cantigas teñen peculiaridades de interese. Catro delas conforman un conxunto dramático-narrativo sobre a correspondencia amorosa, outra é unha composición dialogada en que a amada se queixa da obriga familiar de ordenarse monxa –a pesar do cal lle será irreverentemente fiel a el no corazón e non a Deus–, e a última é a que vai centrar o noso interese. Obsérvese con atención:

Aquestas coitas que de sofrer hei,
meu amigo, muitas e graves son;
e vós mui grave, ha i gran sazón,
coitas sofrede, e por en non sei
*d’ eu por vassalo e vós por senhor,
de nós qual sofre mais coita d’amor.*

Coitas sofremos, e assi nos aven:
eu por vós amigu’ e vós por mi!
E sabe Deus de nós que est’ assi,
e destas coitas non sei eu muit’ én,
*d’ eu por vassalo e vós por senhor,
de nós qual sofre mais coita d’amor.*

Guisado teen de nunca perder
coita meus olhos e meu coração,
e estas coitas, senhor, minhas son,
e deste feito non poss’ entender,
*d’ eu por vassalo e vós por senhor,
de nós qual sofre mais coita d’amor.*

Efectivamente: na literalidade destes versos aparece unha voz masculina (*eu por vassalo*) dirixíndose a unha outra voz masculina (*meu amigo*). Un dos primeiros en advertir que esta cantiga

⁵⁷⁹ Graça Videira Lopes, *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 1994.

podería ser un exemplo de enunciación homosexual foi Giuseppe Tavani⁵⁸⁰ na súa referencial *A poesía lírica galego-portuguesa*. Porén, o alcance rupturista de tal interpretación fixo que se continuasen e continúen a privilexiar outras que, aínda que coinciden máis co horizonte de expectativas, fano á custa de forzar o texto.

A perplexidade da crítica ante esta composición foi grande, motivo polo que nunhas ocasións foi incluída como cantiga de amigo, noutras como cantiga de amor e, nos últimos tempos, sobre todo dentro das sátiras. Enténdese nesa interpretación que nela se encontra algún equívoco que se nos escapa, á falta de rubrica explicativa que nos forneza as chaves da súa comprensión. En fin, que, pola súa estrañeza, este texto viuse abocado a caer nun certo terreo de ninguén.

Polo tema, esta pode parecer unha cantiga de amor, onde fala un home dirixíndose á senhor e padecendo coita pola súa paixón. No entanto, hai xa no segundo verso unha interpelación ao amigo, polo que se podería considerar unha cantiga dese xénero, aínda co factor particular de que se lle apliquen tamén a el graves coitas. Tampouco serve: o refrán é claro e invalida tal adscripción xenérica, pois é un *vasalo* quen fala, non unha *vasala* (feminino que existe e está rexistrado, por exemplo, na *Crónica Troiana*). Ademais, como é sabido, *senhor*, no galego da altura, é válido tanto para o masculino como para o feminino, polo que a simbiose xenérica parece consumada.

O principal editor de Rodrigo Eanes de Vasconcelos, Manuel Ferreiro⁵⁸¹, parte da idea de que nestes versos se mesturan a perspectiva masculina e feminina, dando lugar a un hibridismo límite entre cantiga de amigo e de amor, de onde proviría a confusión. Podemos denominar esta hipótese como de duplo travestismo: o trovador escribe como muller, que á súa vez fala nalgúns momentos como se fose o seu amigo e con moldes expresivos masculinos. Mais onde comezaría e onde finalizaría a voz da amada e a voz do amado, segundo esa interpretación? O corte non é nada fácil, nada claro.

Debemos recoñecer que talvez nunca saibamos o sentido deste texto, que talvez nunca descifremos se constitúe un exemplo de cantiga amatoria sen revés burlesco ningún ou se se trata dunha sátira, for homosexual ou heterosexual. Sobre a posibilidade da burla dunha relación entre unha muller e un home, Graça Videira Lopes⁵⁸² apuntaba como última hipótese que, “em forma desviada, aludisse aos amores de uma dama de alta linhagem com um seu vassalo”. Trátase dunha idea suxestiva, mais dista de resolver a cuestión, pois encontrábase cos mesmos problemas que o duplo travestismo: non saberíamos quen fala en cada momento.

Aliás, se aceptarmos a idea de que se trata dunha sátira, hai moitas máis posibilidades conxecturais que podemos lanzar, non só de que se trate dun home e unha muller. Por exemplo, que sexa unha burla a unha relación entre dous varóns, onde a comicidade estaría en que a un par homosexual se lle aplicasen os códigos do amor cortés. Aí tería un novo sentido a pregunta do refrán xa que, se os dous son varóns, a cal deles lle correspondería padecer máis a *coita* establecida?

A respecto da lectura desta cantiga como non satírica, debemos subliñar que nese momento histórico en Europa si se están a escribir poemas de afecto homosexual, por exemplo na poesía medio latina, na hispanohebrea e na hispanoárabe⁵⁸³. Chama a atención que, cando se colocan as *kharxas* e *muwasahas* como antecedentes das cantigas de amigo, se esqueza que esta tradición lírica ten casos

⁵⁸⁰ Giuseppe Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1991.

⁵⁸¹ Manuel Ferreiro, *As cantigas de Rodriqu' Eanes de Vasconcelos*, Santiago de Compostela Laivento, 1992.

⁵⁸² Graça Videira Lopes, *Cantigas de escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002.

⁵⁸³ Véxanse, a ese respecto, por exemplo os estudos seguintes: Edrisi Fernandes, “A tradición da ‘gaia ciência’ e o homoerotismo”, *Bagoas. Estudos gays. Géneros e Sexualidades*. <http://www.cchla.ufm.br/bagoas/v01n-01bagoas01.pdf> (Última consulta, 01/04/11.) María Jesús Rubiera Mata, *Literatura hispanoárabe*, Alacante, Universidad de Alicante, 2004. Mahmud Sobh, *Poetisas arabigo-andaluzas*, Granada Diputación Provincial de Granada, 1994. Georg Bossong: *Poesía en convivencia. Estudios sobre la lírica árabe, hebrea y romance en la España de las tres religiones*, Gijón, Trea, 2010.

abondosos de enunciación homoerótica, por máis que se presenten exclusivamente, falseadamente, como cantares de amores heterosexuais en voz de mulleres.

Tamén a priori pode parecer inagardábel a existencia dunha cantiga declaradamente homosexual na corte afonsina, tendo presente que se está nun momento en que os códigos xurídicos recollen severas condenas contra as prácticas sodomíticas. Mais a verdade é que nas composicións maldizentes do reinado do Sabio se infrinxe con moita frecuencia o establecido polas leis. Comprobámolo cando se colocan como asuntos dalgunhas composicións temas tan delicados como a inxuria ou a blasfemia, ou cando se rexistran acusacións de delitos como o asasinato ou, mesmamente, de actos sodomíticos. Isto enténdese porque non ultrapasan os muros do ambiente real. É por este ámbito palaciano polo que este grupo social «se podía permitir o luxo de ultrapasar, sequer poeticamente, os cánones da moral establecida, que, doutra parte, defendían e promulgaban de forma e maneira oficiais para o resto da sociedade»⁵⁸⁴.

Contradirían porén a interpretación satírica e reforzarían unha lectura amorosa (homo ou hetero) sen dúplos sentidos os propios elementos que se poñen en xogo na cantiga: a sorpresa do namoramento, que non se pode entender, que causa coita ás dúas partes e que ten por testemuña íntima a Deus. Ademais, hai que ter presente que algúns dos versos desta cantiga tamén os achamos nun texto sen aparente perfil burlesco de Xoán García de Guilhade, «o máis criativo reelaborador e inovador da tradición lírica da escola galego-portuguesa»⁵⁸⁵, coñecido por aproveitar en máis casos os textos doutros:

Estes meus olhos nunca perderán,
senhor, gran coita, mentr' eu vivo for;
e direi-vos, fremosa mia senhor,
d' estes meus olhos a coita que han:
*choran e cegan, quand' alguen non veen,
e ora cegan por alguen que veen.*

Guisado tēen de nunca perder
meus olhos coita e meu coraçom,
e estas coitas, senhor, mias son:
mais los meus olhos, por alguén veer,
*choran e cegan, quand' alguen non veen,
e ora cegan por alguen que veen.*

E nunca ja poderei haver ben,
pois que amor ja non quer nen quer Deus;
mais os cativos d' estes olhos meus
morrerán sempre por veer alguen:
*choran e cegan, quand' alguen non veen,
e ora cegan por alguen que veen.*

Parece razoábel descartar que unha sátira poida servir de fonte para unha composición amorosa como a que acabamos de ler, que retoma case literalmente nos tres primeiros versos da súa segunda estrofa cadansúas liñas da cantiga de Rodrigo Eanes de Vasconcelos. Todo isto, claro, se é acertado o presuposto de que partimos: que novamente Xoán García de Guilhade é o que lle saca rendemento a composicións alleas e non á inversa.

Aínda por colocar unha derradeira posibilidade, poderíase entender que estamos ante un canto exacerbado da amizade, a través dunha linguaxe amatoria que si ten tradición no trobadorismo e que é moi propio da época. Pensemos por exemplo na cantiga «Mentre m' agora d' al non digo [nada]», onde Pero da Ponte subliña que o «amor» dun amigo por outro se ha de traducir en actos, pois «amor sen prol é palabra doada»:

⁵⁸⁴ Xosé Ramón Pena, *Literatura galega medieval, I. A historia*, Santiago de Compostela Sotelo Blanco, 1990.

⁵⁸⁵ Manuel Ferreiro, op. cit.

Mentre m' agora d' al non digo [nada]
dun meu amigo vos quero dizer:
amor sen prol é palabra doada;
de tal amor non hei eu que fazer,
nen outrossi hei eu por que temer
o desamor, que non mi ha nuzir nada.

Non me tem' eu ja de grand' espadada
que del prenda, nos días que viver,
nen s' ar tem' el de nulha ren doada
que eu del lev', a todo seu poder;
nen m' ar tem' eu de nunca del prender
jamais bon don nen boa espadada.

E quen viu terra tan mal empregada,
nen' a cuida nunca mais a veer?
Que non merece carta de soldada,
e dá-lhe o Demo terra e poder;
e muitas terras pod' home saber,
mais nunca terra tan mal empregada.

E o que non val, e podia valer,
este merece so terra jazer,
mais non [so] terra [d]ũa polegada.

No entanto, a repetida aparición na cantiga de Rodrigo Eanes de Vasconcelos do topos amoroso da *coita* fai que teñamos que descartar esta interpretación como cantiga de exaltación dunha amizade intensa.

Á hora dunha interpretación romántica homosexual, continuamos atopándonos co problema de que, neste momento e deste xeito, dentro do trobadorismo, parece difícil que un poeta realice unha declaración de amor claramente erótico a outro varón. Giulia Lanciani e o mesmo Giuseppe Tavani xa sinalaron que «na Península Ibérica non hai rastro das reivindicacións poéticas da homosexualidade que, en cambio, si se encontran entre os rimadores da Perugia do Trecento».⁵⁸⁶

Fan ben en escribir que «non hai rastro» porque –recordémolo máis unha vez– non chegou até nós máis que a punta do iceberg do que debeu ser a lírica profana galego-portuguesa medieval.

Manteñámonos nesta liña de reflexión. Xa que podemos constatar abundantemente que houbo sátiras a xogares ou trobadores apóndolles relacións con outros varóns, non parece lóxico aventurar que estes responderon ás agresións poéticas compondo as súas defensas, como era habitual no xogo trobadoresco? De verdade ningún dos que se sabe que escribían –como o segrel Bernaldo de Bonaval ou o xograr Saco– nin tan sequera respondeu a estes ataques de que foi albo? Que se entendería na corte se a súa reacción era o silencio?

Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani⁵⁸⁷ xa observaron que as cantigas satíricas e obscenas dos xogares só se rexistraron de forma excepcional, polo que semella que aí si obrou certa censura, motivada por unha orixe non nobilitaria. Este dato fornécenos máis luz sobre a súa ausencia nunha tradición manuscrita que chegou a nós basicamente a través dunha antoloxía realizada a mediados do século XIV, cando este espectáculo trobadoresco estaba xa en decadencia. Mais hai tamén outras ausencias, como a de Fernán Díaz, que non teñen como causa a súa orixe social, xa que era un nobre (seguramente o líder galego Estevan Fernández de Castro). Que os seus trobares e os doutros seus correligionarios non chegasen até nós hai que atribuírlo ao feito de ser inimigo do monarca Afonso X, como queda ben claro nas chufas que lle dirixen.⁵⁸⁸

⁵⁸⁶ Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, *As cantigas de escarnio*, Vigo, Xerais, 1995.

⁵⁸⁷ Op. cit.

⁵⁸⁸ Cfr. Carlos Callón, *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2011.

A posibilidade de que estas supostas respostas non sobrevivisen por non entraren nos criterios morais de quen nos transmitiu estes textos penso que ha de ser tomada, como pouco, con cautela. Debemos ter presente que tanto os copistas baixomedievais como os italianos da Renacenza non tiveron ningún reparo en deixar testemuño do sacrílego ou o escabroso das sátiras. Por certo, como podemos constatar, tamén transcribiron este texto de Rodrigo Eanes de Vasconcelos que nos trae agora de cabeza.

Así que a pregunta aquí atrás formulada permanece no ar: Por que os ciclos que usan a homofobia como arma carecen do rastro dunha resposta, a pesar da súa importancia cuantitativa dentro do xénero de escarnio e mal dizer? É posíbel que, nesa mesma liña, si dese sobrevivido algunha cantiga que enuncie unha relación afectiva entre dous varóns? Reflexionemos sobre iso á luz desta cantiga.